



CIRCULAR INFORMATIVA 22/2018

1. APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA 2019

A Xunta Xeral, na sesión do pasado 18.12.2018, aprobou definitivamente o orzamento do Colexio para o exercicio 2019, que presenta un importe de 887.722 euros.

Este orzamento é continuísta e só presenta unha pequena diminución con respecto ao do exercicio anterior como consecuencia da rebaixa acadada na contratación da nova póliza do seguro de responsabilidade civil, así como o axuste aplicado nas partidas de gasto tomando como referencia os gastos realizados en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua dos colexiados e das novas tecnoloxías.

Como novidade e con carácter excepcional, créase unha partida específica de gastos para sufragar as actividades ou actos relacionados coa organización do 175 aniversario do Colexio neste ano 2019, que se sufragará con patrocinios publicitarios.

Seguindo coa política destes últimos anos, as cotas colexiais periódicas non sofren ningunha modificación, nin sequera son actualizadas co incremento do IPC.

O texto completo do orzamento e o detalle das partidas de ingresos e gastos pódese consultar na seguinte ligazón: [Orzamentos 2019](#)

Así mesmo, ao igual que en anos anteriores, o orzamento permanecerá publicado no [portal de transparencia da páxina web do Colexio](#).

2. COTAS COLEXIAIS PERIÓDICAS (TRIMESTRAIS) PARA O EXERCICIO 2019

Nas partidas de gastos e ingresos do orzamento de 2019, acordouse non incrementar as cotas colexiais trimestrais, nin sequera co incremento do IPC, continuando así coa liña trazada nos últimos anos. Unicamente se produce unha lixeira suba na cota do censo de letrados do Consello Xeral da Avogacía Española e do Consello da Avogacía Galega, que supón un incremento de 1,67 euros trimestrais.

Cadro de cotas trimestrais:

Tipo de colexiación	Cota colexial (trimestral)	Censo consellos (trimestral)
Exercentes	109,20 €	13,53 €
Non exercentes	43,12 €	13,53 €